

Comunicado nº 293/19

6 de novembro de 2019

## □ PROMOCIÓN XOVEN PILOTO 2020 ( BECA PXP21):

Reunida a Comisión Executiva con Directivos de Recalvi acordan, para a tempada 2020 e vindeiras mudalo Artigo3- ASPIRANTES.

Así queda a nova redaccion, onde se amplia a idade de participación, da 4ª PROMOCIÓN XOVEN PILOTO 2020 (BECA PXP 21), **de 26 a 28 anos:**

### **Artigo 3.- ASPIRANTES.**

Os aspirantes a participar no **15º VOLANTE F.G.A. -4ª PROMOCIÓN XOVEN PILOTO 2020 DE GALICIA (Beca PXP21)** teñen que reuni-las seguintes condicións:

1.- Formaran parte integrante do **15º VOLANTE F.G.A. -4ª PROMOCIÓN XOVEN PILOTO 2020 DE GALICIA (Beca PXP21)**, todos aqueles deportistas, nados en Galicia ou os que nacendo fora estean empadroados e teñan a súa residencia oficial en Galicia, e a tiveran como mínimo durante dous anos antes o ano da celebración da tempada-promoción na que desexaran participar, e que oficialmente se atopen inscritos nesta, con aceptación oficial e expresa do Comité Organizador. Deberan acreditar o cumprimento destes requisitos achegando certificado de nacemento ou de empadramento no que conste a antigüidade.

2.- Licenzas: Posúilas licenzas dacordo, expedidas exclusivamente pola Federación Galega de Automobilismo, dacordo co Anuario da F.G. de A. que habilite o concursante, piloto, copiloto, e asistencia a participar nas probas indicadas no art. 6,e que sexan expedidas pola Federación Galega de Automobilismo.

3.- Tódolos gañadores das Formulas de Promoción, de tempadas anteriores, poden volvera participar nas mesmas, puntuando e optando aos premios en metálico exclusivamente.

4.- Os pilotos que se inscriban nunha Formula de Promoción, dos Campionatos de Galicia, por especialidade e tempada, non poderán mudar de Copa, Trofeo, Reto, ou Challenge ata a tempada seguinte previa autorización da F.G. de A.

5.- A participación, no **15º VOLANTE F.G.A. 2020**, está aberta a calquera licenza da Comunidade Económica Europea (ADN, ou "Autonómicas Únicas de España") con dereito ós premios en metálico e puntuacións finais, quedando excluídas as "Autonómicas Exclusivas Territoriais"(Senior); **agás do dereito do premio da Beca da 4ª PROMOCION XOVEN PILOTO 2020 (Beca PXP21)** na que só se autorizan as expedidas pola F.G. d e A.

6.- A participación na **4ª PROMOCION XOVEN PILOTO 2020 (Beca PXP21)**, esta reservada exclusivamente as licenzas expedidas pola Federación Galega de Automobilismo (GA), e **para pilotos que teñan idades dentre 18 e 28 anos**. Para optar a Beca PXP21 (en concordancia coa "Beca 2020 otorgada pola F.G. de A."

o gañador **ten que ter menos de 29 anos o primeiro de xaneiro de 2021**. Polo mero feito de enviala solicitude non implica a aceptación na mesma. As inscricións serán efectivas o comunicalo o Comité Directivo o interesado en documento habilitado para ilo, ("Junior"), nados en Galicia ou os que nacendo fora estean empadroados e teñan a súa residencia oficial en Galicia, e a tiveran como mínimo durante dous anos antes o ano da celebración da tempada-promoción na que desexen participar, e que oficialmente se atopen inscritos nesta, con aceptación oficial e expresa do Comité Organizador ao seu exclusivo criterio de aceptación ou de refuxamento. Deberán acreditar o cumprimento destes requisitos achegando certificado de nacemento ou de empadramento no que conste a antigüidade.

7.- O copiloto, no **15º VOLANTE F.G.A. -4ª PROMOCIÓN XOVEN PILOTO 2020 DE GALICIA (Beca PXP21)**, pode ser Junior ou Senior, e optar o piloto a **4ª PROMOCION XOVEN PILOTO 2020 (BecaPXP21)** .

8.- "Pirelli Neumaticos, S.A.U.", ca Federación Galega de Automobilismo, resérvanse o dereito a rexeitar calquera inscrición no **15º VOLANTE F.G.A. -4ª PROMOCIÓN XOVEN PILOTO 2020 DE GALICIA (Beca PXP21)** sen ter que xustificalo.

**COMISIÓN DAS FÓRMULAS DE PROMOCIÓN DA FGA**